

O primeiro libro

Escritores de varias xeracións presentan a súa primeira obra

CARME VIDAL

Samuel Solleiro, Rosa Vidal, Lucía Novas, Baldo Ramos ou Beatriz García Turnes. Son algúns dos nomes de escritores que veñen de ver publicado o seu primeiro libro. Con idades comprendidas entre os corenta e dous e os dezanove anos asinan novelas, relatos ou poemarios. Os cinco novos autores contan como chegaron a publicar un volume individual e o que esperan do seu futuro literario.

A Rosa Vidal (Laxe, 1960) pasoulle coa literatura igual que co tabaco. Nunca foi quen de deixala. Despois de levar “toda a vida” escribindo ve agora publicado o seu primeiro libro de relatos titulado *O baile das mariolas* (Abismos, Xerais). “Estaba xa desesperanzada, perdera a ilusión que tiña aos dezaioito anos e mesmo me sentía desprazada pola xente nova, ás veces, parece que a mocidade é un valor en si mesmo tamén na literatura” comenta Rosa Vidal sen agochar o orgullo que lle produce ver o seu libro nos andeis. Malia estar engaiolada coa literatura decimonónica, quere Vidal ofrecer un xeito distinto de contar, cun punto de vista social e que aporte algo novo ao panorama literario actual. “O que pode resultar máis novidoso é o xogo de palabras que é onde rompe a miña escrita, máis clásica na forma” valo-

publicado baixo o selo de Espiral Maior. Singularidade do seu libro é que o propio escritor é o autor das ilustracións. De feito, na traxectoria criativa de Baldo Ramos conviven as exposicións e os concursos literarios e mesmo a escrita está moi presente na súa proposta plástica, tantas veces centrada na caligrafía. “O libro aporta a novidade de ser unha edición coidadada e intento ofrecer tamén unha proposta literaria distinta, quero que cada poema sexa unha obra rematada, sen palabras de máis nen de menos, sen caer no excesivo verbalismo” apunta o escritor que ve agora o seu primeiro libro publicado en edición comercial pero que antes xa asinou distintos libros de artista, feitos a man e á venda en galerías de arte e lugares especializados. *Raizames* é, para o autor, “un poemario radical, que como o



Lucía Novas, Baldo Ramos e Rosa Vidal.

blicar o seu libro. Á vista dos poemas é fácil dar a razón á autora nos seus obxectivos literarios: “Quixen escribir un libro sobre a felicidade, o amor, a calidez... busquei que fose moi sensorial, que se poidese oler o mar ou a resina e que estivesen en xogo todos os sentidos”. Coida a escritora que unha das principais rupturas da nova po-

da escritora. O orixinal quedou finalista nun certame literario e logo a editorial interesouse na súa publicación. Recibe a publicación con “satisfacción pero tamén con desacougo”. Desde que foi escrito, cambiaron moitas cousas na vida de Beatriz, entre elas, convertiuse en profesora de ensino medio. “Agora vexo de forma distinta

poesía. Se calquer novo autor busca aportar algo novo á literatura, algúns dos primeiros lectores de Solleiro coinciden en louvar a calidade dos relatos recollidos no volume. Temática apóstata en contos anticlericais son algúns dos termos cos que se define a proposta de Solleiro pero o autor é moito máis preciso e non quere confundir os

ra esta escritora que afirma coñecer a varios autores frustrados durante décadas por non conseguir publicar a súa obra.

O poemario dun artista

Se para Rosa Vidal publicar foi unha idea que nunca se lle escapou da cabeza, a preocupación chegoulle hai ben pouco ao poeta Baldo Ramos (Celanova, 1971). Leva escribindo desde os dezasete anos e nas gabetas garda milleiros de poemas pero considera que non son senón “exercicios que un escritor ten que facer”. Ás librarías chega agora *Raizames* (Libros da Frouma) e non tardará en acompañalo o poemario *A árbore da cegueira*, gañador do V Certame de Poesía Concello de Carral e que sairá

indica o título, vai a raíz, o que significan os antecedentes. Sae agora o traballo de todos os anos previos”.

Baldo Ramos coida que gañar un premio literario é a forma máis fácil de ver publicado un libro, pola participación das editoriais en distintos concursos ou mesmo pola distinta forma de presentar un texto a quen ten a capacidade de comercializalo.

Lucía Novas (Bueu, 1979) é a anterior gañadora do premio do concello de Carral que Baldo Ramos acadou na súa quinta edición. Con pouco máis de vinte anos asina o seu primeiro poemario, *Epiderme de estío* (Espiral Maior). “Tendo en conta a miña idade coido que non podo pedir máis” responde á pregunta de se lle custou pu-

esía galega está a ser protagonizada polas mulleres que promoven unha transgresión que, ao seu ver, consistiría en “introducir unha voz que antes non existía, recuperar o corpo e ofrecer unha nova visión de nós mesmas”. Nova autora de poesía é tamén Charo Pita, (A Coruña, 1966), poeta-contacontos da que se ven de publicar *Desde Arcadia para Govinda*, libro gañador do IX Premio de Poesía Espiral Maior.

¿Onde está o meu libro?

En cambio o de Beatriz García Turnes (Compostela, 1973) é o nome dunha muller que vai formar parte da aínda non moi ampla nómina de autoras de novela. *Valdamor* (Costa Oeste, Galaxia) é o primeiro título

aos adolescentes a quen, en principio, se dirixe a novela”, comenta. “Unha das singularidades de *Valdamor* é que se insire no ámbito da ciencia ficción, do que hai pouco escrito na nosa literatura. A novela trata temas de actualidade. Un libro pode dar conta da época na que está escrito” considera a escritora.

A Samuel Solleiro (Tui, 1982) non lle cambiou en exceso a vida ver nos andeis tan novo o seu libro de relatos *Elexías a Deus e ao Diaño* (Abismos, Xerais). Considera que o seu papel comeza e remata á hora de escribir o libro, o que ven despois xa non corre da súa man. Cadra que, curiosamente, o seu primeiro libro é narrativo pero o autor confesa que o xénero que máis visitou é o da


termos. “Non se trata dunha crítica á relixión nin ao sistema. Interésame o grotesco como material literario e, diso, na relixión atopo unha mina” comenta. Coincidiu con outro novo narrador, Roque Cameselle, autor de *O pausiñas* (Descuberta, Galaxia) no instituto San Paio de Tui e mesmo asinando na revista do centro. “Son textos de formación, non publicaría agora nada diso” sinala Solleiro. ¿Coidou que publicar un libro ía provocar maior balbordo? “Algo máis coidei pero tampouco lle daba moitas voltas”. Idea que comparte con boa parte dos novos autores, que se enfrontan por vez primeira con problemas como non atopar o seu libro nos andeis das librarías ou buscar nos xornais a reseña desaparecida. ♦



ler é ser

Manuel
María

OBRA POÉTICA COMPLETA



ESPIRAL MAIOR
EDICIÓN

Manuel
María

OBRA POÉTICA COMPLETA



ESPIRAL MAIOR
EDICIÓN

OBRA POÉTICA COMPLETA

Manuel María

PREMIO

MELLOR LIBRO DO ANO 2001
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA
XI Edición Premios Irmandade do Libro

Á venda en todas as librerías